

BASES DE PARTICIPACIÓN

V ESPAZO DE ARTESANÍA

CARRILANAS ESTEIRO 2024



CARRILANAS  
ESTEIRO

V EDICIÓN  
ESPAZO DE  
ARTESANÍA

Exposición, obradoiros, gastronomía, orfebrería,  
coiro, madeira, xogos....  
Inscríbete.

Información e inscricións  
[www.carrilanasesteiro.gal](http://www.carrilanasesteiro.gal)

Xacobeo Deputación DA CORUÑA

19, 20 e 21  
XULLO

## 1. ORGANIZACIÓN

A A.D.C Esteirana de Carrilanas (En adiante "A Organización), en colaboración coas institucións locais e provinciais ten a ben en organizar o "V ESPAZO DE ARTESANÍA" como actividade dentro do programa da XXXV Edición do Gran Prix de Carrilanas de Esteiro 2024.

## 2. ATRIBUCIÓNS DA ORGANIZACIÓN

- . A pertenza como socio a algunha asociación de artesáns non otorga o dereito á participación na mostra artesán.
- . No uso das súas competencias, a Organización poderá tomar as medidas que considere oportunas para o correcto desenvolvemento da Feira.
- . A Organización resérvase o dereito a retirar parte, ou a totalidade de pezas dun participante na Feira, se o produto exposto non cumpre coa normativa de participación establecida nestas bases.
- . A Organización resérvase o dereito de realizar cambios nas datas, horarios ou a anulación da mesma no caso de considerarse oportuno.
- . A Organización non se fai responsable, no caso de roubo ou extravío de produtos ou elementos ornamentais dentro ou fóra do stand.
- . A Organización resérvase o dereito de fotografar ou filmar aos artesáns, stands e produtos expostos na Feira, podendo empregar estas imaxes nos seus documentos internos, páxina web ou publicacións e promocións oficiais.

A distribución e ubicación dos stands na Feira realizarase por orde de inscrición a mesma, recollidas no punto 6 das presentes bases, tendo en conta a separación dos oficios e os intereses da mesma.

### 3. REQUISITOS DE PARTICIPACIÓN

Poderán solicitar a súa participación artesáns, asociacións, organizacións ou particulares da cal a súa produción sexa exclusivamente artesá e de elaboración propia. No caso de que os produtos expostos sexan fabricados por procedementos industriais será a organización quen se reserve a autorización do posto.

Os solicitantes admitidos recibirán a comunicación da admisión previa a celebración do evento.

Os datos que deberán presentar na solicitude serán os seguintes:

**Documentación xeral que se deberá aportar en format JPEG**

**ou PDF:**

- CIF/NIF/NIE
- Seguro de RC e xustificante de pago.
- Modelo 036 ou certificado censal
- Alta autónomos y justificate de pago del ultimo recibo
- Certificado de instalación e marcado CE do expositor.
- No caso de dispoñer de empregados: Copia do DNI e TA de alta.
- Produto(s) a expoñer
- No caso de venda de alimentos: Carné de manipulador de alimentos.

(\*) Facilitarase un formulario para cumprimentar a solicitude.

### 4. DATAS E LUGAR DE CELEBRACIÓN DA FEIRA.

Do 19 ao 21 de Xullo del 2024, en Esteiro (A Coruña), C. P. 15240.

Coordenadas: 42.7919501,-8.9865018,15

## 5. PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

O prazo de recepción das solicitudes estará aberto ata o 15 de Xullo do 2024.

As solicitudes deberán ser presentadas da seguinte maneira:

- Cumprimentando o formulario que se pode descargar a través da web.
- Enviando a documentación por email: [mercado@carrilanasesteiro.com](mailto:mercado@carrilanasesteiro.com)

## 6. SELECCIÓN DE PARTICIPANTES

A comisión de selección estará formada pola Directiva da Organización, quen será o órgano encargado de valorar as solicitudes recibidas.

### ***Comisión da Organización, competencias e autoridade:***

A Organización será o órgano competente en facer o seguemento dos produtos expostos na Feira, así como o control do cumprimento das bases da convocatoria.

Este seguemento correrá a cargo de un ou varios membros da Organización que no suposto de encontrar algún produto dudoso ou calquer incumprimento das bases será comunicado ao resto de membros da comisión para valorar as medidas a tomar. Será a comisión quen optara pola retirada dalgún produto por incumprimento comunicándollo á dirección, quen será o organismo encargado de solicitar ao participante a retirada do produto ou calquera outra medida que demande a comisión.

Criterios de prioridade na selección do "V MERCADO DE ARTESANÍA":

- 1º. Ser admitido pola Comisión da Selección. A comisión valorará a calidade dos produtos, a súa singularidade, diversidade de ofertas e a mellora da imaxe da Feira.
- 2º. As mostras de artesanía e os postos que teñan obradoiros incluídos.
- 3º. A participación de asociacións.
- 4º. Terán preferencia os artesáns locais e rexionais.
- 5º. Outros criterios de interese como a procedencia, intercambios, etc...

A resolución será comunicada individualmente a cada participante por email no prazo non superior a 20 días dende a data de presentación de solicitudes.

O comité de selección confeccionará unha lista de reservas na que os participantes serán chamados por orde. No caso de que algún dos seleccionados por calquera causa non poidera asistir, a súa praza poráse a disposición do seguinte na lista.

## **7. CUSTO DE PARTICIPACIÓN**

A participación no "V MERCADO DE ARTESANÍA" ten un prezo de 120€, importe destinado a seguridade e vixiancia dos postos, non se aplicará canon algún sobre as vendas ou uso do espazo común.

O pago farase na conta bancaria que aparece no formulario de inscrición a través de transferencia, é imprescindible o pagamento previo a participación.

As solicitudes que non realicen o pago antes do peche do prazo de inscricións serán descartadas.

É responsabilidade do participante estar ao corrente das súas obrigacións tributarias.

## 8. INFRAESTRUCTURA

A organización facilitará o recinto para o correcto desenvolvemento do Mercado, a ubicación do posto, seguridade do evento, puntos de luz e demais requisitos que demande o evento.

O expositor será propiedade do artesán, este deberá cumprir con tódolos permisos e certificados ao día, así como estar ao corrente das revisions de seguridade que se indique no manual de montaxe ou de seguridade.

A Organización poderá publicitar o evento nas suas RRSS, prensa, TV, Radio ou medios que considere oportunos.

## 9. CONDICIÓN DE PARTICIPACIÓN

Cada participante comprométese a:

- Seguir a normativa establecida neste documento.
- A venda e/ou exposición de produtos exclusivamente elaborados por él/ela, ou produtos aprobados pola Organización.
- Responsabilizarse dos seus produtos (Garantías, funcionamento, etc...) expostos no seu stand durante a celebración da Feira.
- Garantizar o stock dos produtos presentados.
- Ofrecer un surtido de produtos variados.
- Responsabilizarse da imaxe e da boa conservación do seu stand.  
Respetar os horarios de apertura e de peche da Feira, así como a súa estancia dende o día da inauguración ata o día de peche.
- Cumplir a Ley e as normativas sectoriais que afecten, especialmente no tocante as hixiénico-sanitarias e de seguridade.
- Coidar e respectar os espazos e material común da Feira.
- A limpeza dos Stands e o seu entorno correrá a cargo dos participantes, deberase facer fora de horas de apertura ao público, debendo depositar o lixo nas zoas destinadas para tal fin.

**A organización non permite:**

- A instalación, tanto dentro como fora dos Stands, carteis o pancartas que se refiran a temas distintos a publicidade da Feira ou do expositor.
- A exposición do material fora do Stand.
- Realizar accións que alteren ou impidan o desenrolo normal da Feira.
- A venda de produtos de elaboración non artesanal sin previa autorización.



# V ESPAZO DE ARTESANÍA

CARRILANAS ESTEIRO 2024

## SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN “V ESPAZO DE ARTESANÍA” CARRILANAS ESTEIRO

NOME DO POSTO OU RAZÓN SOCIAL

OFICIO

CIF, NIF OU PASAPORTE

ENDEREZO

LOCALIDADE

PROVINCIA

CÓDIGO POSTAL

TELÉFONO

EMAIL

WEB

REALIZA OBRADOIROS

SI  NON

MARQUE CUNHA “X” O TAMAÑO DO STAND QUE PRECISE

2X2

3X2

3X3

OUTRO

PRODUCTOS A EXPOÑER NO MERCADO (DETALLAR OS PRODUCTOS A EXPOÑER NO STAND)

Asinado. (Nome e DNI)

Unha vez cumprimentada a solicitude poderá enviála ao email [mercado@carrilanasesteiro.gal](mailto:mercado@carrilanasesteiro.gal) onde se tratarán os datos facilitados, unha vez revisada, confirmarase a participación do solicitante a través do email facilitado.

A autorización queda supeditada ao abono da cantidade 120€ para cubrir os custos de vixancia privada e seguridade na conta ES5620800338613040004085 de Abanca indicando no concepto o nome do posto ou a razón social.

Os participantes no V Espazo artesanal das Carrilanas deberán de estar ao corrente de pago nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. O organizador poderá solicitar a documentación para corroboralo, no caso de que non fose así, procederase a retirada do stand e da súa expulsión do mercado.